

BASES DO I CERTAME DE DJ'S

SALCEDA 36470 dB

Co obxectivo de fomentar a promoción artística, cultural, e os hábitos saudables na mocidade, o Concello de Salceda de Caselas organiza a primeira edición do Certame de DJ's "Salceda 36470dB", de acordo ás seguintes

BASES

- 1- Poderá participar no Certame calquera persoa maior de 16 anos (profesional ou afeccionada). A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases. No caso de persoas menores de 18 anos, deberán achegar unha autorización do pai/nai ou titor/a legal.
- 2- O concurso desenvolverase en dúas fases, unha fase previa e unha fase final.

Para participar na fase previa, as persoas interesadas deberán enviar cuberto o formulario de participación (Anexo I) e unha sesión de entre 15 e 20 minutos mediante enlace ao correo electrónico salcedadj@salcedadecaselas.gal a través dunha plataforma tipo WeTransfer, Dropbox, Ydray ou similar.

As cancións escollidas para a sesión non poderán conter letras que inciten á violencia, ao odio ou que atenten contra calquera colectivo.

O formato da sesión deberá ser un video cunha resolución mínima de 1080p HD. Poderán participar con calquera estilo musical. O video deberá estar encadrado de xeito que se observe a cara da persoa e o equipamento que emprega.

Entre todas as persoas inscritas, o xurado escollerá a 8 persoas para participar na fase final. A fase final desenvolverase o 16 de xullo na Praza do Concello de Salceda de Caselas dende as 21.00 horas.

- 3- A fase final consistirá nunha sesión dun máximo de 20 minutos de duración para cada finalista. A sesión non poderá ser pregravada. Para a sesión, a organización porá a disposición dos/as participantes un sistema Pioneer XDJ-XZ. Cada finalista poderá empregar unha controladora propia e un ordenador, que terá que especificalo no formulario de participación.

A orde de actuación realizarase por sorteo. A organización poderá nomear tamén a artistas convidados para actuar no día da fase final.



- 4- O xurado estará composto por persoas con coñecementos e experiencia como DJ's, e valorará ás persoas participantes en base aos seguintes criterios: orixinalidade na selección dos temas musicais, composición musical, técnica. Na fase final valorarase tamén a posta en escena e a animación co público.
- 5- Para a elaboración das sesións, as persoas participantes non poderán axudarse de sistemas ou programas de Intelixencia Artificial.
- 6- O prazo de inscrición estará aberto ata o 30 de xuño de 2026 ás 23.59 CEST.
- 7- O xurado outorgará un premio á mellor sesión consistente nun diploma e 250 €. O concurso poderá quedar deserto se o xurado considera que as sesións non acadan un mínimo de calidade.

Aos premios aplicaráselles a correspondente retención prevista na lexislación tributaria vixente. No caso de resultar premiada unha persoa con residencia fóra de España, o premio pagarase en euros, e descontaranse os gastos de transferencia deste e as retencións legais correspondentes.

- 8- Coa participación no certame, as persoas aceptan ceder os seus dereitos de imaxe ao Concello de Salceda para a súa utilización en redes sociais e/ou como imaxe promocional de calquera evento relacionado coa cultura, a mocidade e/ou as festas.
- 9- Coa participación neste concurso as persoas aspirantes aceptan as presentes bases e a conformidade de que a Concellería de Cultura do Concello de Salceda de Caselas resolva calquera cuestión derivada do concurso, podendo modificar as bases, sempre dentro da lei.



ANEXO I

FORMULARIO DE PARTICIPACIÓN

Nome e apelidos: _____

Nome artístico: _____ Estilo musical: _____

DNI: _____ Teléfono de contacto: _____

Enderezo: _____

Localidade e Provincia: _____

No caso de empregar controladora propia na fase final especificar: _____

Nome do arquivo da sesión: _____

As sesións deberán estar en formato video 1080p HD ou superior

SINATURA



ANEXO II

FORMULARIO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos da persoa interesada serán tratados de conformidade coa normativa vixente en materia de tratamento de datos de carácter persoal e en particular conforme establece a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Estes datos serán tratados polo Concello de Salceda de Caselas para os fins relacionados co I Certame de DJ's. A finalidade do tratamento é a de realizar a tramitación precisa para o correcto desenvolvemento do mencionado certame musical. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. As medidas de seguridade implantadas correspóndense cos previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica.

DEREITOS QUE LLE ASISTEN

1º Poderá exercer o dereito de acceso, rectificación, supresión e limitación ao tratamento dos seus datos, ante a persoa responsable do tratamento no Concello de Salceda de Caselas, Praza do Concello 12, mediante solicitude formal a través dos medios e formas que se dispoñen no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (Rexistros oficiais presenciais e electrónicos, sede electrónica, oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza, representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro, oficinas de asistencia en materia de rexistros e en calquera outro que establezan as disposicións vixentes)

2º Do mesmo xeito, infórmase que ten dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es) polo contido deste escrito.

3º Previa á reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, se considera que o Responsable do tratamento non satisfizo correctamente os seus dereitos, neste caso pode solicitar unha valoración ante a Delegada de Protección de datos indicada de acordo ao tratamento obxecto do dereito no Concello de Salceda de Caselas.

Consinto

Non consinto

Asdo.: _____

